



A resolución do 1 de marzo de 2001, da Universidade de Santiago de Compostela (BOE do 26 de marzo de 2001) pola que se publica a modificación do plano de estudos conducente ó título de Licenciado en Matemáticas, establece a táboa de adaptacións que se deberá aplicar ós alumnos procedentes do plano de 1992 que pretenden continuar os estudos polo plano que os substitúe.

Na alínea 3 c) desta resolución establécese que a Universidade trala consulta co centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plano de estudos, de xeito especial no referente ás adaptacións que non foron previstas. Polo que, logo do informe do centro e tras diversas consultas, é preciso para a interpretación do plano de estudos dictar a seguinte

## **RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.-** Tal e como establece o plano de estudos, os alumnos poderán realizar a adaptación por ciclo ó abeiro do Anexo I ó RD 1497/1987. Neste suposto enténdese que ó alumno xa non ten que realizar o primeiro ciclo do plano de estudos ó que accede e polo tanto deberá realizar as materias correspondentes ó segundo ciclo do plano 2000 para obter a titulación.

**SEGUNDO.-** Asemade, poderá adaptar ó plano 2000 as materias superadas no segundo ciclo do plano do 94 que teñen a súa equivalencia no plano 2000.

**TERCEIRO.-** Os alumnos poden optar pola adaptación materia por materia segundo a táboa que figura no plano de estudos. Neste caso, seralles de aplicación automática esta táboa de adaptacións.

**CUARTO.-** En ningún caso se permitirá que os alumnos que realicen a adaptación por ciclo poidan adaptar materias no segundo ciclo que xa lle foran adaptadas no primeiro ciclo. Neste caso deberán realizar a adaptación materia por materia.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2001

**O RECTOR**

Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. SECRETARIO XERAL - SRE/A DECANO/A DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR/A. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR